



Concello de Boiro

BASES POLAS QUE DEBE REXERSE A CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A CONCILIACIÓN FAMILIAR 2019

1.- DISPOSICIÓN XERAL

Estas bases establecen os criterios e procedementos para a concesión de axudas ás familias que precisen servizos específicos para a conciliación laboral e familiar por non contar con apoios no seu entorno.

2.- FINALIDADE E OBXECTO

A presente convocatoria ten como finalidade axudar economicamente ás familias que por motivos laborais, de formación ou procura activa de emprego e de asistencia sanitaria, precisen contratar os servizos de garderías privadas ou coidados profesionais para que se fagan cargo de menores con idades comprendidas entre os 0 e os 12 anos.

Unha vez a crianza estea escolarizada, esta axuda só se poderá percibir polos servizos contratados para ser prestados fóra do horario escolar .

No caso de que o número de solicitudes supere o orzamento previsto, na percepción desta axuda terán preferencia aquelas familias que contraten servizos de garderías privadas ou coidados profesionais dentro do ámbito municipal.

As axudas consistirán no reembolso do 50% do gasto realizado entre o 1.11.2018 e o 30.09.2019 cun límite máximo de 2.500€ por menor.

Estas axudas serán compatibles con outras axudas públicas ou privadas para a mesma finalidade, sempre e cando a suma das mesmas non supere o 100% do gasto efectivamente realizado. Neste caso, as axudas minoraranse ata ese límite.

3.- REQUISITOS

Para poderen obter a condición de beneficiarias, as familias deberán cumprir tódolos requisitos, condicións e obrigas establecidos nesta convocatoria e na normativa xeral de subvencións, en particular os seguintes:

1. Estaren empadroadas no Concello de Boiro.
2. Os ingresos da unidade familiar non poden ser superiores a 5,5 veces o indicador público de renda de efecto múltiples (IPREM) vixente.
3. Debe existir unha causa documentalmente xustificada que impida o coidado da(s) crianza(s) por calquera outra das persoas que conforman a unidade familiar co horario da contratación do servizo de coidado, e obrigue á contratación do servizo de garderías privadas ou coidados profesionais.
4. As facturas que sexan empregadas para a xustificación dos gastos deben cumprir as condicións establecidas no punto cinco destas bases.

4.- FINANCIAMENTO DAS AXUDAS

As axudas concederanse con cargo á partida orzamentaria 2311/4800 do exercicio 2019, comprometéndose o Concello a dotala de 12.000€.



Concello de Boiro

5.- PROCEDEMENTO E PRAZO DE SOLICITUDE

As solicitudes da axuda deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello antes do 01 de outubro 2019 ás 13:30 horas, segundo o modelo de solicitude que figura como Anexo I desta convocatoria, acompañadas da seguinte documentación:

1. Libro de familia
2. Volante de empadramento familiar.
3. Orixinal ou copia compulsada do contrato de traballo ou documento acreditativo das persoas que estean en idade de traballar e convivan co/a menor, onde se especifique o horario laboral.
4. No caso de que a contratación dos coidados profesionais veña motivada pola asistencia a unha entrevista de traballo, curso ou obradoiro de formación para o emprego, asistencia clases do ensino regrado ou asistencia a consultas médicas, orixinal ou copia compulsada do documento acreditativo de tal circunstancia.
5. Orixinais ou copias compulsadas dos documentos xustificativos da prestación do servizo por parte da persoa ou empresa coidadora para o período indicado no punto 2 destas bases, acreditando o pagamento de dito servizo.

As facturas deberán conter como mínimo os seguintes requisitos:

- Nome, razón social, NIF ou CIF e enderezo de quen emite a factura.
- Desagregación do IVE ou imposto correspondente, de ser o caso.
- Nome, domicilio e NIF da persoa beneficiaria.
- Descrición detallada do servizo.
- Número de factura, data de emisión e denominación de "Factura".

O pago acreditarase mediante a presentación da transferencia bancaria. En casos excepcionais admitirase o pago en metálico, debendo constar o **recibín** na factura, con indicación do CIF/NIF e selo da empresa, de ser o caso.

6. De ser o caso, copia compulsada do certificado de minusvalía ou recoñecemento de dependencia de calquera das persoas do núcleo de convivencia.
7. De ser o caso, documento acreditativo da situación de violencia de xénero derivada da convivencia ou de situación de dominación no caso de vítimas de trata de seres humanos con fins de explotación sexual.
8. Certificación bancaria do número de conta no que se desexa recibir a axuda.



Concello de Boiro

9. Autorización para que o Concello de Boiro poida comprobar, mediante a realización da correspondente consulta en Facenda, os datos referidos aos ingresos da unidade familiar. *(RISCAR NA SOLICITUDE – ANEXO I)*
10. Declaración de que non se recibiu ningunha outra subvención para a mesma finalidade ou declaración de que se recibiron outras subvencións co mesmo fin, indicando a contía percibida e presentando xustificante da cantidade cobrada ou copia compulsada do mesmo. *(RISCAR NA SOLICITUDE – ANEXO I)*
11. Autorización para que o Concello de Boiro poida realizar a comprobación de estar ao corrente coa Facenda Estatal e coa Seguridade Social e declaración de non ter débedas co Concello. *(RISCAR NA SOLICITUDE – ANEXO I)*
12. Declaración de dar publicidade da axuda percibida de darse o caso. *(RISCAR NA SOLICITUDE – ANEXO I)*

6.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCIÓN, VALORACIÓN E RESOLUCIÓN DAS SOLICITUDES.

As axudas serán outorgadas pola Xunta de Goberno Local de acordo coa delegación de competencia da Alcaldía – Presidencia, previo informe debidamente motivado da comisión de valoración conforme aos criterios recollidos no sétimo punto das presentes bases.

A comisión estará formada por:

- O alcalde ou concelleiro/a en quen delegue esta tarefa.
- A concelleira de Promoción Social e Igualdade.
- Unha persoa técnica do departamento encargada da supervisión da documentación.
- A persoa interventora da corporación ou unha persoa técnica do Departamento de Intervención en quen delegue esta tarefa.
- A persoa secretaria da corporación ou persoa funcionaria en quen delegue, que actuará como secretario/a da comisión con voz pero sen voto.

A comisión elaborará unha proposta na que se incluírán as persoas beneficiarias e a contía correspondente ata completar, de ser o caso, o importe máximo da axuda total destinada a tal fin.

A proposta de resolución da comisión de valoración será elevada á Xunta de Goberno Local para a súa aprobación. En todo caso, deberán ser resoltas antes do 31 de Decembro do 2019.

A resolución de concesión das axudas ao abeiro do disposto nestas bases farase pública mediante a súa exposición no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello, ademais, será notificada a todas as persoas que resulten beneficiadas.

Contra a desestimación, presunta ou expresa, das solicitudes presentadas poderán formularse



Concello de Boiro

os recursos procedentes.

Toda alteración das condicións para a concesión da axuda poderá dar lugar no seu caso á modificación do acordo.

Facúltase á Xunta de Goberno Local para a interpretación de calquera dúbida que xurda na aplicación destas bases.

6.- CRITERIOS DE SELECCIÓN.

Nivel de renda familiar, ata un máximo de 5,5 veces o IPREM vixente, dividido polo número de persoas que consten no certificado de convivencia familiar aplicando a seguinte fórmula de proporcionalidade inversa (ata 10 puntos):

$$\begin{array}{ccc} A & \text{—————} & B \\ C & \text{—————} & X \end{array} \qquad X = \frac{A + B}{C}$$

A = menor renda *per capita* entre as solicitudes presentadas

B = maior puntuación (máximo 10 puntos)

C = renda *per capita*

X = puntos outorgados

Aquelas familias que contén con membros afectados por algunha discapacidade ou minusvalía ou teñan recoñecida a dependencia terán unha puntuación por esta circunstancia de un (1) punto.

Aquelas mulleres que acrediten a situación de violencia de xénero terán unha puntuación por esta circunstancia de tres (3) puntos.

En caso de empate a puntos terase en conta a orde de presentación da solicitude para outorgar a axuda.

7.- OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS.

1º O sometemento ás actuacións de comprobación por parte do Concello da efectiva realización da actividade para a que se concederon as axudas.

2º Conservar os documentos xustificativos de aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en canto poidan ser obxecto de actuacións de comprobación e control durante a lo menos tres anos.

3º Facilitar a información que sexa requirida polo Concello relativa á concesión da axuda.

4º Destinar a contía das axudas ao fin para o que foron concedidas.

8.- CONTÍA DAS AXUDAS.

As axudas previstas consistirán nun 50% do gasto xustificado mediante factura oficial xa



Concello de Boiro

pagada, cun límite máximo de 2.500€ por menor.

En todo caso, as contías non superarán o crédito recollido na aplicación orzamentaria correspondente.

9.- REINTEGRO DE AXUDAS.

As persoas beneficiarias procederán ao reintegro do total ou parcial das cantidades percibidas nos seguintes casos:

- Non destinar as axudas á finalidade para a que foi outorgada.
- Falsificación dos datos presentados.



Concello de Boiro

SOLICITUDE E XUSTIFICACIÓN DE AXUDAS Á CONCILIACIÓN FAMILIAR 2019

ANEXO I

D. / Dona _____ con DNI _____,
número de teléfono _____ e con enderezo a efectos de notificación en _____.

EXPÓN:

Primeiro.- Que ten coñecemento das Bases reguladoras das axudas que o Concello de Boiro concede ás familias que por motivos de traballo precisen contratar os servizos de gardería privadas ou coidados profesionais para que se fagan cargo de menores con idades comprendidas entre os 0 e os 12 anos.

Segundo.- Que acredita o cumprimento dos requisitos esixidos para ser beneficiario/a da mesma mediante a presentación da seguinte documentación (*marcar cunha X o que proceda*):

	Fotocopia do libro de familia
	Volante de empadramento familiar histórico (antigüidade mínima de dous anos no Concello de Boiro)
	Copia compulsada do(s) contrato(s) de traballo ou documentos acreditativos das persoas que estean en idade de traballar e convivan coa crianza, onde se especifique o horario laboral.
	De ser o caso, copia compulsada do certificado de minusvalía ou recoñecemento de dependencia de calquera das persoas da unidade de convivencia.
	Certificación bancaria do número de conta onde se desexa recibir a axuda.

DECLARA:

Que o conxunto das axudas concedidas ou solicitadas e/ou percibidas e ingresos obtidos para as actuacións previstas nesta convocatoria, procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, autonómicos, nacionais ou internacionais, ademais das previstas nesta resolución, son as seguintes (*marcar cunha X o que proceda*)

	Ningunha outra axuda ou subvención.
	Si se solicitaron ou recibiron outras axudas ou subvención, para a mesma finalidade:



Concello de Boiro

CONCEPTO DA AXUDA	S/C/P (1)	PORCENTAXE (2)	ADMINISTRACIÓN OU ENTIDADE CONCEDENTE (3)

(1) Indíquese o que corresponda (S: solicitada / C: concedida / P: percibida)

(2) Porcentaxe da axuda sobre o custe total.

(3) Indicar quen concede a axuda.

Marcar cunha X o que proceda:

<input type="checkbox"/>	Autorizo ao Concello de Boiro a comprobar os ingresos da unidade familiar ante a Facenda Estatal.
<input type="checkbox"/>	Autorizo ao Concello de Boiro a realizar a comprobación de estar ao corrente coa Facenda Estatal e coa seguridade Social e asemade declaro non ter débedas co Concello
<input type="checkbox"/>	Asumo o compromiso de dar publicidade da axuda recibida.

Polo exposto,

SOLICITO:

A concesión da axuda na cantidade que proceda tendo en conta as bases que a regulan.

Boiro, ___ de _____ do 2019

Asdo: _____

SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE BOIRO.

Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008